



BIBLIOTECA

LETRAS GALEGAS 1963-2004

• DE ROSALÍA DE
CASTRO A
XAQUÍN
LORENZO

Por Ramón Beltrán Carballeira



1963 | Rosalía de Castro

- Naceu en Santiago no 1837. Morreu en Padrón no 1885.
- Obras: *Cantares Gallegos, Follas Novas, En las Orillas del Sar*
- *Este barro mortal que envolve o Espírito,
¿quen o entendera, Señor...?
Follas Novas*



1964 | Alfonso Daniel R. Castelao

- Naceu en Rianxo no 1886. Morreu no exilio en Bos Aires no 1950.
 - Obras: Cousas, Retrincos, Os dous de sempre, Sempre en Galiza.
 - A terra que nos dou o ser e que nos recollerá na morte como semente de novas criaturas
- Sempre en Galiza**



1965 | Eduardo Pondal

- Naceu en Ponteceso (A Coruña) no 1835. Morreu na Coruña no 1917.
- Obras: *Queixumes dos pinos*, *Os Eoas*, *Álbum de la caridad*.
- *Os tempos son chegados
dos bardos das idades,
que as vosas vaguedades cumprido fin
terán.*

Quiexumes dos pinos



1966 | Francisco Añón Paz

■ Naceu en Boel, concello de Outes (A Coruña), no 1812. Morreu en Madrid no 1878.


■ Obras: *Himno dos povos.*

■ *Ergue esa altiva testa, Galicia, e non te engruñes
do teu porvir dourado a estrela vai
raiar,
das armas e das letras, tempo é que o
cetro empuñes.*



1967 | Manuel Curros Enríquez

- Naceu en Celanova no 1851. Morreu na Habana no 1908.
- Obras: Aires da miña terra.
- Ai, estación florida,
gallarda primaveira,
quén pra botarche copras
tivera o que non ten!...
- Aires da miña terra



- 1968 | **Florentino López Cuevillas**
- Naceu en Ourense no 1886. Morreu en Ourense no 1958.
 - Obras: *Prosas Galegas*.
 - ¡Probiños os ríos! Os más pequenos morreron xa. As fervenzas dos outros calaron ca súa leda cantiga, e os muiñeiros esqueceron as noites afrodíticas dos muíños.
Prosas Galegas




1969 | Antonio Noriega Varela

- Naceu en Mondoñedo no 1869. Morreu en Chavín de Viveiro no 1947.
- Obras: *Montañesas, Como falan os Brañegos, D'O Ermo.*
- *iNin rosiñas brancas, nin claveles róxos!
Eu venero as froliñas d'os toxos.
D'os toxales as ténues froliñas,
que sorrién, a medo, entr'espíñas.
Entr'espíñas que o Ceyo agasalla
con diamante-las noites qu'orballa.*
D'o Ermo



1970 | Marcial Valladares Núñez

- Naceu en Vilancosta-Berres (A Estrada) no 1821. Morreu en Vilancosta-Berres (A Estrada) no 1903.
- Obras: *Maxina ou a filla espúrea*.
- Pico Sagro, e subindo a aquela altura de dous mil cento trinta e oito pes sobre o nivel do mar, altura onde, según lendas e tradicións do País, habitaron antigos mouros, e dis que algún habita aínda...



1971 | **Gonzalo López Abente**

- Naceu en Muxía no ano 1878. Morreu en Muxía no 1963.
- Obras: *O Diputado por Veiramar*, *Fuxidos*, *Vaosilveiro*, *Centileos nas ondas*.
- *Lostregueante choviscar de estrelas*
No escuro seo dunha noite en calma;
Labarada de auceiros e de arelas
A arder na seca gándara da ialma.
Centileos nas ondas



1972 | Valentín Lamas Carvajal

- Naceu en Ourense no ano 1848. Morreu en Ourense no 1906.
 - Obras: *Galleada, O Catecismo do Labrego, Saudades Gallegas, A musa das aldeas.*
 - *No medio dun souto, ao pé dunha serra, na cume dun monte, no fondo dun val, coas chouzas de seixos telladas de colmo, están as aldeas, o mundo rural.*
- A Aldea**




1973 | Manuel Lago González

- Naceu en Tui no ano 1865. Morreu en Santiago no 1925.
 - Obras: *Alborada, Calabazas, Escolma de poesías.*
 - *Craro sol de lanzas de ouro,
lavarada, que alcendida
nos espazos,
de lus vertes un tesouro,
i eres fogo, i eres vida;
craro sol...*
- Inverneiras**



1974 | Xoán V. Viqueira Cortón

- Naceu en Madrid en 1886. Morreu en Bergondo (A Coruña) no 1926.
- Obras: Ensaio e poesía.
- *¿Da gándara erma e triste,
piñeiro bravo,
non ouces do mar o mar molto
tan solitario?*




1975 | Xoán Manuel Pintos Villar

- Naceu en Pontevedra no 1811. Morreu en Vigo no 1876
- Obras: *A Gaita Galega tocada polo gaiteiro, A Galicia.*
- *Ou Galicia, Galicia boi de palla canta lástima ten de tí o Gaiteiro!*
A gaita galega tocada polo gaiteiro



1976 | Ramón Cabanillas

- Naceu en Fefiñáns-Cambados no ano 1876. Morreu no 1959 en Cambados.
- Obras: Vento Mareiro, Da terra asoballada, Na noite estrelecida, Versos de alleas terras.
- Na noite pecha
entréi pinal adiante, medoñento,
a ialma dun feitizo prisioneira.
Na morte de Castelao



1977 | Antón Villar Ponte

- Naceu en Viveiro en 1881. Morreu na Coruña en 1936.
 - Obras: *Nuestra afirmación regional.*
 - *Eu penso que as únicas saetas que van sempre rectas a furar o branco do futuro son aquelas que se lanzan valéndose do arco da nosa lingua, xa, que só entón mostrámonos orixinaes*
- Pensamento e sementeira**



1978 | Antonio López Ferreiro

- Naceu en Santiago en 1837. Morreu en Vedra en 1910.
- Obras: Historia de la Santa Apostólica Metropolitana Iglesia de Santiago de Compostela, A tecedeira de Bonaval, O castelo de Pambre, O niño das pombas.
- Os dous regos, de que falamos, pasaban ao pe da muralla e ao mesmo tempo que servían de foso, facían máis vistoso e animado o paisaxe.
O castelo de Pambre



1979 | Manuel Antonio

- Naceu en Rianxo en 1900. Morreu en Rianxo no 1930.
- Obras: *De catro a catro*.
- No cuadrante estantío das estrelas
ficóu parada esta hora:
O cadavre do Mar
fixo do barco un cadaleito.
De catro a catro



1980 | Alfonso X o Sabio

- Naceu en Toledo en 1221. Morreu en Sevilla no 1284.
 - Obras: *Cantigas de Santa María*.
 - *Que ámbalas súas mãos assí
s'encolleran
que ben por cabo dos hombros todas se
meteran*
- Cantigas de Santa María**



1981 / Vicente Risco

- Naceu en Ourense no 1884. Morreu en Ourense no 1963.
- Obras: *Teoría do nacionalismo galego; Nós, os inadaptados; Tres contos mabillosos, Leria.*
- *Nas caminatas longas polas vereas enlamadas do val, antre as muradellas dos eidos e á sombra dos carballos, polos vieiros abertos da serra, batidas do vento, antre as uces e as carqueixas...*
Leria



1982 | Luis Amado Carballo

- Naceu en Pontevedra en 1901. Morreu en Pontevedra en 1927.
- Obras: Proel, O galo.
- Axióñllanse os camiños abrazados ao cruceiro nunha azul eternidade de pedra e ceo.

Proel



1983 | Manuel Leiras Pulpeiro

■ Naceu en Mondoñedo no 1854. Morreu en Mondoñedo no 1912.

■ Obras: *Cantares gallegos.*

■ *¿Por qué o ceo máis limpo ao galego
lle párce afumado?*

*¿Por qué a terra frolida que manda
lle cheira a escamallo?*

Obras completas. Poesías



1984 | Armando Cotarelo Valledor

■ Naceu na Veiga en 1879. Morreu en Madrid en 1956.

■ Obras: Trebón, Sinxebra, Lubicán, Hostia, Beiramar, Mourenza, Contos de Nadal.

■ ¿Relembreas?... Foi na doce Aquitana. A raiosa primaveira enguirlandaba a campía e a serán deitaba tranquil coma un misteiro frolido.

Hostia



1985 | Antón Losada Diéguez

- Naceu en Boborás-Ourense en 1884.
Morreu en Pontevedra no ano 1929.
- Obras: A domeadora, Adiante, Os camiños d'o agrarismo galego.
- Craros soños,
frolecidos
cobizando un ideal;
aniñados,
enchiados
nunha roseira lanzal.
- Nós, nº 71



1986 / Aquilino Iglesia Alvariño

- Naceu en Seivane, Vilarente, Abadín, en 1909. Morreu en Santiago en 1961.
 - Obras: *Señardá, Corazón ao vento, Cómaros verdes, Lanza de soledá, Nenias, Leva o seu cantare.*
 - *Corazóns desfeitos como mares sin sosego navegan tristes cara ás terras de xentes de outra fala...*
- Homenaxe a Ramón Cabanillas



1987 | Francisca H. Garrido

- Naceu na Coruña en 1869. Morreu na Coruña en 1950.
- Obras: *Sorrisas e bágoas*, *iAlmas de muller...* *Volallas na luz!*, *Pepiña*, *Reproba*, *Familia de lobos*, *Néveda*.
- Querendo un gran poema cantar, dú-
bidas teño; que se falo galego non me
entenden; e a cantar castillán nan me
comprendo.
Néveda



1988 | Ramón Otero Pedrayo

- Naceu en Ourense en 1888. Morreu en Ourense en 1976.
- Obras: Os camiños da vida, Arredor de si, Ensaio histórico sobre a cultura galega, Teoría do paisaxe galego, Bocarribeira.
- Nas queixumosas táboas Brosladas finalmente polo verme analista de insomnios e fantasmas
- repousou o meu pai no cadoleito,...
Bocarribeira




1989 | Celso Emilio Ferreiro

- Naceu en Celanova no 1912. Morreu en Vigo no 1979.
- Obras: Cartafol de poesía, O sono sullagado, Viaxe ao país dos ananos, Terra de ningures, Longa noite de pedra.
- O teito é de pedra.
De pedra son os muros
i as tebras.
De pedra o chan
i as rexas.
Longa noite de pedra



1990 | Luis Pimentel

- Naceu en Lugo no 1895. Morreu en Lugo en 1958.
- Obras: Triscos, sombra do aire na herba, Barco sin luces, Antoloxía, Cunetas.
- Tarde inmóvil, eterna.
Quédase dulcemente
¿en que soedade, lonxe?
Ceo, ceo, más ben luz.
Equilibrio diste gris
tan tenro.



1991 | Álvaro Cunqueiro

- Naceu en Mondoñedo en 1911. Morreu en Vigo no ano 1981.
- Obras: As crónicas do Sochantre, Xente de aquí e de acolá, Merlin e familia, Cantiga nova que se chama Ribeira.
- Escóitasme ti, miña señora amada,
cando do peito
meu o trobo arde
ou atrás de tí a sombra do meu soño
loucamente a túa apreixa e bica?
Dona do corpo delgado



1992 | Fermín Bouza-Brey

- Naceu en Ponteareas en 1901. Morreu en Santiago no 1973.
- Obras: *Cabalgada en Salnés, Nao senlleira, Seitura.*
- *Regusto de alonxarme para logo voltar,
e adormir no teu colo
abranguendo o teu van,
como un Miño quencido
polo peito dos vals...,
Retorno*



1993 | Eduardo Blanco Amor

- Naceu en Ourense no 1897. Morreu en Vigo no ano 1979.

- Obras: Romances galegos, Poema en catro tempos, A esmorga, Os biosbardos, Xente ao lonxe, O cancioneiro.

- Agarimantes cóxegas, moxenas no teimoso cristal bulinte espello dos vimios confidentes pola beira. Sobro de nós, dondo silenzo, o ceio.
A pesca



1994 | Luis Seoane

- Naceu en Bos Aires en 1910. Morreu na Coruña no 1979.
- Obras: Fardel de eisilado, Na brétema, Santiago, As cicatrizes, A maior abundamento.
- Un burato cun picho no muro,
a fonte da rúa do Franco,
con unha auga mellor que outras,
que roidosa enchía as sellas
cantando a auga e brincando.
A fonte



1995 | Rafael Dieste

- Naceu en Rianxo no 1899. Morreu en Santiago en 1981.
- Obras: Al amanecer, Nuevo retablo de las maravillas, Viaje duelo y perdición, Viaje y fin de don Fontán, A fiestra valdeira.
- Púxose a asubiar algo que escomenzou en tango e rematou en vella cantiga, mentras os vidros da fiestra choromicaban diante dos seus ollos, estragoando a rúa homilde.

A fiestra valdeira



1996 / Xesús Ferro Couselo

■ Naceu en Louro, Valga, en 1906. Morreu en Ourense en 1975.

■ Obras: *O Deus Bandua da Veiga, Cómo e por qué os escribanos deixaron de empregar o galego, A vida e a fala dos devanceiros, O Tumbo de Fiaes.*

■ *O galego entón é a fala dos vasalos e dos señores, dos cregos e dos labregos, e óucese o mesmo nos concellos que nas eirexas... Homenaxe a Otero Pedrayo*



1997 | Ánxel Fole


- Naceu en Lugo en 1903. Morreu en Lugo no 1986.
 - Obras: *Á lus do candil*, *Terra brava*, *Pauto do demo*, *Contos da néboa*, *Histórias que ninguén cre*.
 - *Era noite de lúa chea i eu collín o camiño de volta para Pacios. E fun pensando que a voz de neno de don Casto facía tempo que era un pouco rouca, coma si tivera un catarro á gorxa.*
- Contos da néboa**

Contos da néboa
catarro á gorxa



1998 | Martín Codax, Johan de Cangas, e Mendinho

■ Obras: *Cantigas de amigo.*
■ *Ondas do mar de Vigo,
se vistes meu amigo,
e, ai Deus, se verra cedo!*
Cantigas de amigo



1999 / Roberto Blanco Torres

■ Naceu en Santa María dos Baños de Cuntis en 1891. Morreu na Peroxa en 1936.

■ Obras: *Orballo da media noite.*

■ *O monte está sereo,
os penedos vixían;
a gándara está virxe
d'a profanación ainda.
Orballo da media noite*



2000 | Manuel Murguía

- Naceu en Frexel (Arteixo) en 1833. Morreu na Coruña en 1923.
- Obras: *Diccionario de escritores gallegos, Historia de Galicia, Los precursores, Galicia.*
- *iO noso idioma! O que falaron nosos pais e vamos esquecendo, o que falan os aldeáns e nos achamos a punto de n'entendelo; aquel en que cantaron reis e trovadores...*

Discurso nos Xogos Frorais de Tui



2001 | Eladio Rodríguez

- Naceu en San Clodio (Leiro) en 1864.
Morreu na Coruña no ano 1949.
- Obras: *Folerpas, Raza e terra, Oraciós campesiñas, Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano.*
- *Quixer que os meus versos
Cheirasen á terra húmida,*

.....
*sonasen sempre a cántigas
barudas;...
Oraciós campesinas*

*Oraciós campesinas
barudas;...
sonasen sempre a cántigas*



2002 | Frei Martín Sarmiento

■ Naceu en Vilafranca do Bierzo no ano 1695. Morreu no convento de San Martín (Madrid) en 1772.

■ Obras: *Demostración crítico-apologética del Teatro Crítico Universal, Memorias para la historia de la poesía y poetas españoles, Reflexiones literarias para una Biblioteca Real, Pensamientos crítico-botánicos, Coloquio de 24 gallegos rústicos, Catálogo de voces vulgares, Catálogo de voces y frases de la lengua gallega.*



2003 | A. Avilés de Taramancos

- Naceu en Taramancos (Noia) en 1935. Morreu na Coruña en 1992.
- Obras: *As moradías do vento*, *A frauta i o garamelo*, *O tempo no espello*, *Cantos caucanos*, *As torres no ar*, *Última fuxida a Harar*.
- *Aquela chambra fina con bordados de delicada man! ¡Qué ar tan xoven cinguía no teu peito! ¡Que nobreza campesiña e galana ofrecía!*



2004 | Xaquín Lorenzo
Fernández

- Naceu en Ourense en 1907. Morreu en Ourense en 1989.
- Obras: *Etnografía. Cultura material, Vellas artes de pesca no río Miño, A Casa, Distribucións dos xugos na Galiza, Metamorfosis dunha casa castrexa, Cantigueiro popular da Baixa Limia.*



les Fontexeria

BIBLIOTECA